

CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A □ 15613 A Capela
Teléfono: 981 459 006 □ Telefax: 981 459 371

E. electrónico: correo@acapela.es

Web: www.concellodacapela.es

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 30 DE MARZO DE 2017


<p>ASISTENTES: Presidente: D. MANUEL MEIZOSO LOPEZ</p> <p>CONCELLEIROS: D. JAIME BARCIA RODRIGUEZ D. EMILIO RIOBÓ PIÑÓN D^a. MARÍA IBERA TEIJEIRO SANJUÁN D^a. LAURA PIÑEIRO MONTES D. MARCOS RODRIGUEZ CALVO D. SANTIAGO MEIZOSO PERMUY</p> <p>SECRETARIO: D. JOSÉ ANTONIO MEIZOSO PAZ</p>	<p>No Salónde Sesións desta Casa do Concello da Capela, provincia da Coruña, sendo as dez horas e tres minutos, do día trinta de marzo de dous mil dezasete, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. Manuel Meizoso López, reúnen os Sres./Sras. Concelleiros/as. que se relacionan na marxe asistidos do Secretario da Corporación, coa finalidade de realizar a sesión convocada para o día de hoxe. Non asiste a sesión o Sr. Concelleiro D. Antonio Rodríguez Meizoso.</p>
--	---

I.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA ANTERIOR DE DATA 3 DE MARZO DE 2017. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.

Aberta a sesión pola Presidencia solicítase dos Sres. Concelleiros asistentes á sesión, se desexan formular algún tipo de alegación ou observación á acta da sesión anterior de data tres de marzo de dous mil dezasete.

Non se formulando ningún tipo de alegación ou observación, o Pleno Municipal por unanimidade dos Sres./as. Concelleiros asistentes á sesión anterior acorda aprobar a acta da sesión anterior.

II.- APROBACIÓN PROVISIONAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 2 DO PXOM DA CAPELA. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A □ 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 □ Telefax: 981 459 371

E. electrónico: correo@acapela.es

Web: www.concellodacapela.es

Dase conta polo Sr. Alcalde-Presidente do documento de Modificación Puntual Nº 2 do PXOM da Capela. Dí o Sr. Alcalde-Presidente que os informes sectoriais solicitados foron todos favorables menos os emitidos por Telecomunicacións e a Axencia Galega de Infraestructuras, pero despois das xestións efectuadas xa constan no expediente eses informes favorables.


Dí ademáis o Sr. Alcalde-Presidente que se presentaron nove alegacións no prazo establecido de exposición pública das que oito foron informadas favorablemente e unha delas foi informada desfavorable por atoparse a parcela fora do ámbito de modificación do PXOM, lembrese polo Sr. Alcalde-Presidente os ámbitos ós que afectará a Modificación Puntual Nº 2 do PXOM da Capela e manifesta que visto o anterior procede aprobar provisionalmente o documento e remitilo o órgano competente en materia urbanística da Xunta de Galicia para a súa aprobación definitiva.

Pecha a súa intervención o Sr. Alcalde-Presidente lembrando que o documento que aproba o Concello non é definitivo senon o provisional e ata que o aprrobe a Xunta definitivamente non será efectivo.

Polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo, dise que pouco máis hai que engadir o manifestado polo Sr. Alcalde-Presidente que foi un documento consensuado por tódolos grupos e que canto máis axiña se aprobé mellor para os veciños, xa que leva ben tempo de tramitación.

Polo voceiro do Grupo Municipal Mixto-PP, D. Santiago Meizoso Permy, manifestase que non ten nada máis que dicir o xá manifestado polo Sr. Alcalde-Presidente e voceiro de AIAC.

Sometido o asunto a votación o Pleno da Corporación por unanimidade dos Sres./as. Concelleiros/as. asistentes a sesión que representan a maioría absoluta do número legal de membros da Corporación adopta o seguinte acordo:



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A □ 15613 A Capela
Teléfono: 981 459 006 □ Telefax: 981 459 371
E. electrónico: correo@acapela.es
Web: www.concellodacapela.es

1.- Estimar as alegacións presentadas ó documento de aprobación inicial de modificación puntual Nº 2 do PXOM da Capela e que son as seguintes:

Nº DE ORDE	NRE	NOME E APELIDOS
1	2016 207	D. JOSÉ MANUEL GATO ANCA
2	2016 209	D. JUÁN ALBERTO SABÍN DÍAZ
3	2016 210	D. CELSO PÉREZ LÓPEZ
4	2016 211	D. SERVANDO FONTAO BARRO
5	2016 212	D. JOSÉ GABEIRAS PENA
6	2016 218	D ^a . MARIA ANGELES ANCA VENCE
7	2016 218	D ^a . MARIA ANGELES ANCA VENCE
8	2016 220	D. BENIGNO VILAR DIAZ

Ó contido das citadas alegacións incorpórase o documento de aprobación provisional de Modificación Puntual Nº 2 do PXOM da Capela.


2.- Desestimar a alegación número nove (NRE 2016 252) presentada por D. José Manuel Martínez Calvo ó documento de aprobación inicial da Modificación Puntual Nº 2 do PXOM da Capela, polos motivos expresados no informe do equipo redactor.

3.- Aprobar provisionalmente o documento de Modificación Nº 2 do PXOM da Capela.

4.- Remitir o expediente completo debidamente dilixenciado á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

III.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A FUNDACIÓN DA AXENCIA ENERXÉTICA DA PROVINCIA DA CORUÑA (FAEPAC) E O CONCELLO DA CAPELA. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.

Dase conta polo Sr. Alcalde-Presidente de que é intención do equipo de goberno proceder de xeito inmediato a licitación e contratación do subministro de enerxía eléctrica ós efectos de cumprir coa lexislación de contratación pública. A tales efectos en primeiro término mirouse o xeito de adherirse a Central de Contratación da FEMP,



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A □ 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 □ Telefax: 981 459 371

E. electrónico: correo@acapela.es

Web: www.concellodacapela.es

pero revisados os prazos da compañía subministradora resulta que son máis caros do que o Concello está a pagar na

actualidade polas facturas do subministro de enerxía eléctrica, polo que se falou coa Fundación da Axencia Enerxética da Provincia da Coruña (FAEPAC) dependente da Deputación Provincial para asinar un convenio que contempla entre outras cousas a revisión das facturas de consumos eléctricos do Concello, así como a redacción dos pregos de prescricións técnicas para a contratación e subministro de enerxía eléctrica; o convenio ten un custo para o Concello de 1.568,58 €.


De seguido toma a palabra o voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo, manifestando que ó seu grupo lle parece ben a sinatura do convenio sempre que se cumpran as condicións establecidas no mesmo.

Polo voceiro do Grupo Municipal Mixto-PP, D. Santiago Meizoso Permuy, manifestase a satisfacción de que o equipo de goberno acuda o sentido común e que se xestione de maneira adecuada o subministro de enerxía eléctrica para o Concello, xá que supón unha partida importante de diñeiro que ascende aproximadamente a 90.000,00 € anuais.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación por unanimidade dos Sres./as. Concelleiros/as. asistentes a sesión adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobado o convenio de colaboración entre o Concello da Capela e a Fundación da Axencia Enerxética da Provincia da Coruña (FAEPAC) para o fomento do aforro e eficiencia enerxética nas instalacións e servizos municipais no Concello da Capela.

2º.- Facultar expresamente ó Sr. Alcalde-Presidente para a sinatura do correspondente convenio de referencia.



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A □ 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 □ Telefax: 981 459 371

E. electrónico: correo@acapela.es

Web: www.concellodacapela.es

E xa que non hai máis asuntos sobre os cales deliberar o Sr. Alcalde finaliza a sesión sendo as dez horas e trece minutos, de todo o cal eu, Secretario, dou fé, todo elo coas reservas do artigo 206 do ROF.

O alcalde-presidente,

O secretario,

Manuel Meizoso López

José Antonio Meizoso Paz

